

INFORMACIÓN POLA QUE SE RETOMA A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS PARA INGRESAR POR QUENDA LIBRE NUNHA PRAZA DO CORPO SUPERIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA

Por mor da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspendéronse os prazos administrativos

O Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma, dispón no seu artigo 9:

Prazos administrativos suspendidos en virtude do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo. Con efectos dende o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos suspendidos retomaranse, ou reiniciaranse, se así fóra previsto nunha norma con rango de lei aprobado durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas.

En consecuencia, dende o 1 de xuño de 2020, retómase o proceso das probas selectivas para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia (Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de xullo de 2019, BOPG 511, do 26 de xullo de 2019.

Téndose celebrado o segundo exercizo do procedemento, con data de 13 de marzo de 2020, e sen ter transcorrido ningún dos tres días dispostos para a presentación de reclamacións, conforme ao disposto no artigo 6.3 das bases desta convocatoria, infórmase que o prazo para presentación destas reclamacións esténdese ata o día 3 de xuño, incluído. As reclamacións presentadas durante o tempo de suspensión teranse por presentadas dentro de prazo para a súa tramitación de conformidade coas respectivas Bases.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2020